

Maceda homenaxe a Francisco Carballo no centenario do seu nacemento

Maceda acolleu na mañá deste sábado unha xornada de homenaxe ao crego, historiador e profesor Francisco Carballo coincidindo co centenario do seu nacemento. No acto participaron máis dun cento de persoas.

Redacción 15/mar./25

A xornada desenvolvida neste 15 de marzo en Maceda arrancou ás 11 horas na parroquia natal de Carballo, **Asadur**, cunha ofrenda floral no cemiterio onde está soterrado desde o seu falecemento en 2014.

Os asistentes ao acto desprazáronse ás 11:30 á casa familiar de Carballo, onde o seu amigo e compañeiro de loita nacionalista, **Celso Sánchez**, deu lectura a un escrito do homenaxeado. Media hora máis tarde, interveu a alcaldesa da localidade, **Uxío Oviedo**.

A xornada promovida pola Asociación Amigos de Francisco Carballo (AAFC) tivo os seus actos centrais ás 12 horas no salón de actos do Concello de Maceda, onde actuou como mantedor o presidente da entidade **Santiago Prol**.

O acto arrancou coa actuación musical de Ergutío Cantareiras e a proxección do audiovisual **Lembrando a Francisco Carballo**, onde se recollen diversos aspectos da súa vida.

A continuación tomaron a palabra a concelleira de Cultura de Maceda, **Beatriz Cuenca**; o presidente da Fundación Terra e Tempo **Francisco Rodríguez**; a sobriña do homenaxeado **Milagros Calvo Carballo**; os antigos cregos **Manuel Peleteiro** e **Antón Gómez**; o xornalista **Xan Carballa**; o ex alcalde de Maceda **Bieito Seara**; e a portavoz nacional do BNG **Ana Pontón**.

O acto serviu para presentar o último número da revista *Terra e Tempo*, dedicado ao homenaxeado e titulado **Francisco Carballo. Na fronteira do eclesial e co corazón na Galiza**, que ofrece unha completa e detallada panorámica sobre a súa figura, obra e traxectoria .

A publicación recolle a colaboración de amigos, compañeiros de militancia política e especialistas na figura de Carballo, como **Francisco Rodríguez**, **Milagros Calvo Carballo**, **Antón Gómez**, **Victorino Pérez Prieto**, **Pilar Allegue**, **Santiago Prol**, **Xosé Lois Ruiz Vicente**, **Anselmo López Carreira**, **Bieito Lobeira**, **Bieito Seara**, **Xoán Carlos Garrido Couceiro** e **Santiago Prol**.